

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILARMAIOR PARA A REHABILITACIÓN E ADECUACIÓN DE FONTE E LAVADOIRO DE VILAPAPE

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilarmajor o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilarmajor para a rehabilitación e adecuación de fonte e lavadoiro de Vilapape.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que entre os obxectivos do Concello de Vilarmajor están o desenvolvemento do turismo dentro do concello de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e



sustentabilidade; a potenciación do turismo como factor de crecemento económico, a valorización dos recursos turísticos e o fomento do turismo como instrumento de reequilibrio territorial.

Este concello, consciente da gran importancia e da gran responsabilidade que leva xestionar adecuadamente os espazos naturais, os bens de interese cultural, así como os elementos do patrimonio tradicional e cultural de Vilarmajor, dirixe os seus esforzos cara a conservación, divulgación e posta en valor dos recursos presentes no concello e dos valores polos que se declararon de interese. É por isto polo que se promove unha actuación dirixida á posta en valor turístico dun dos elementos de interese etnográfico propio da arquitectura tradicional existente no concello: o lavadoiro de Vilapape e a súa fonte anexa, situado na parroquia de de Vilarmajor, concello de Vilarmajor.

Terceiro.- Este lavadoiro, datado do ano 1900, atópase próximo ó Labirinto de Breoghán (o labirinto máis grande de España) e da Ruta dos Petróglifos, dous importantes reclamos turísticos do concello, que moven anualmente un importante número de visitantes e turistas, sendo un clamor por parte do concello e dos veciños a restauración da fonte e o lavadoiro, que actualmente atópanse en estado de abandono, influíndo negativamente no entorno e calidade da paisaxe.

A finalidade que se persegue con este proxecto é a posta en valor deste lavadoiro como elemento de interese etnográfico propio da arquitectura de Vilarmajor, e con isto potenciar o desenvolvemento do concello e fomentar o interese dos visitantes e turistas da cultura de Vilarmajor e os seus costumes, mediante a realización dunha serie de actuacións que melloren a dita edificación municipal, cuxo aspecto inflúe de forma negativa no contorno e deterioran a calidade da paisaxe que os rodea.

Os traballos desenvolveranse da seguinte forma:

- Preparación do terreo
- Desmontaxe do lavadoiro existente
- Demolición estrutura
- Canalización de cunetas
- Muros de cantería
- Revestimento de pedra



- Reconstrución de lavadoiro
- Reconstrución de cuberta:
 - Piar de granito
 - Cuberta de madeira e tella
- Rehabilitación de fonte

A importancia que dende este concello se lle da á recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio turístico, arqueolóxico e cultural local fai que unha das prioridades sexa a de cumprir cos principios de calidade e accesibilidade en todos eses destinos turísticos que dende este concello se pretenden valorizar como fomento do turismo.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Vilarmajor unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

